

A Capela de San Martiño, Couso - Guláns

Un vestixio singular da historia de Galicia

Prieto Robles, M^a Soledad¹
Castro Carrera, Juan C.²

» Antecedentes

Damos conta neste breve texto dun novo xacemento arqueolóxico no termo municipal de Pontearreas, escavado e inventariado o pasado ano, e cun grande valor histórico; trátase da Capela de San Martiño.

Se ben para a ciencia este xacemento estaba inédito, non era así para os veciños de Couso, que mantiñan a lembranza da existencia desta capela nun lugar concreto do monte³, aínda que ninguén a vira nun-

ca en pé nin exista recordo de veciños ou familiares que a viran. Esta permanencia no imaxinario se materializa na celebración cada 11 de novembro da romaría de San Martiño. Este interese unido ao da construción dunha nova capela dedicada a San Martiño, fixo que a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Couso promovera e financiara a intervención arqueolóxica cuxos resultados comentaremos aquí, e que como veremos, foron moito máis alá de confirmar a existencia das ruínas da Capela⁴.

» A escavación arqueolóxica

As ruínas do que supúñamos era a Capela de San Martiño resultaban difíciles de ver debido ás terras e vexetación que a cubrían, e ao seu defectuoso estado de conservación.

- 1 Arqueóloga directora da intervención arqueolóxica na Capela de San Martiño, Anta de Moura S.L. (antademoura@antademoura.com).
- 2 Arqueólogo autor do proxecto e coordinador da intervención na Capela de San Martiño, Anta de Moura S.L.
- 3 Está situada no linde dos montes propiedade das comunidades de Couso e Guláns, en ambas propiedades.

- 4 Queremos agradecer ao arquitecto D. Francisco Castro Nieto poñernos en contacto coa CMVMC de Couso, ao crer que a arqueoloxía podería axudar aos veciños a coñecer máis a súa historia.

Por tal motivo e seguindo o proxecto de intervención arqueolóxica se realizaron nun primeiro momento dúas sondaxes manuais, que dado a magnitude dos restos atopados foi necesario ampliar para así poder levar a cabo unha correcta definición do conxunto.

O obxectivo principal era conseguir unha visión o máis completa posible do xacemento: documentar as estruturas e seu contexto cultural, tentando definir o seu uso e cronoloxía e avaliar o grao de alteración das estruturas, con vistas á definición de propostas de conservación, rehabilitación e futuras actuacións arqueolóxicas.

Os tres elementos arquitectónicos atopados son principalmente de carácter relixioso, relacionados co culto dunha comunidade de crentes e coa morte.

O primeiro é a **capela**, da que algún dos seus muros podían intuírse en superficie antes da escavación. Trátase dun pequeno edificio dunha soa nave e dimensións 5,63 x 3,48 m., no que se documentaron dous períodos cronolóxicos. O máis antigo correspóndese á fundación da mesma e del



Estado previo á escavación, logo de desbrozada a vexetación

consérvase un pavimento de terra, a soleira e as xambas da porta. Na cabeceira existe un conxunto de elementos pouco claros: unha gran lousa colocada en posición vertical fronte á entrada que ten aos lados dous pequenos muros. Neste muro está integrado un fuste cilíndrico. Esta capela tería a súa orixe entre finais do S.IX e o XII d.C., época de grandes cambios na organización espacial do territorio. O feudalismo e a división parroquial do territorio rural converten as antigas igrexas en parroquias ou capelas cunha fonda tradición como parece ser o caso que nos ocupa. Posteriormente houbo unha reforma da que se aprecia un recheo de terra e pedras sobre o pavimento orixinal para dar asento a un novo pavimento de lousas de granito. Non temos unha data de construción para este novo pavimento pero sabemos que súa destrución tivo lugar entre finais do século XVIII e os primeiros anos do XIX, cando se produce unha petición dos veciños de Couso ao bispo de Tui de reconstruír a capela.

O seguinte é un **edificio rectangular cunha pequena ábsida**, situado ao sur da capela. Este primitivo edificio de carácter relixioso foi construído en dous momentos cronolóxicos. O máis antigo estaría en relación coa necrópole e podemos remontalo ata o século VIII ou IX d.C. na súa orixe, mentres que a ábsida engadiuse despois, sobre algún dos enterramentos anteriores. Este edificio sufriu unha destrución por incendio e os materiais –atopados entre o derrubido dos muros– datan o seu final entre os séculos X-XI d.C.

Por último unha necrópole da que se escavaron cinco tumbas de inhumación, realizadas no subtrato granítico rebaixado para adaptar as caixas mortuorias de laxes fincadas e trabadas con argamasa e tapas feitas tamén de varias lousas, salvo no caso dunha delas que estaba cuberta por unha gran lousa de sección triangular monolítica. Pola tipoloxía das tumbas e a relación cos edificios anteriormente mencionados esta necrópole lévanos a unha cronoloxía de comezos da Alta Idade Media, entre os séculos VIII-IX e XI d.C. Un destes enterramentos foi parcialmente escavado para recoller datos a través dos ósos nel depositados. Na tumba había ósos correspondentes a varios individuos, o que nos permite inferir que as tumbas foron reutilizadas para máis dun

soterramento. Hai dous enterramentos de pequenas dimensións que puidesen pertencer a individuos infantís ou ben a osarios. Escavamos unha pequena parte do que sería a necrópole e logo de inspeccionar o contorno podemos dicir que os enterramentos esténdense ao redor.

En canto aos **materiais arqueolóxicos** recollidos, predomina o material de cubrición –as tellas– das diferentes estruturas así como fragmentos de tégula (tella plana romana cunha pervivencia no seu uso na alta idade media). A cerámica documentada é medieval e pertencen a olas e xerras dos séculos X-XI d.C. Foi significativo o achado dunha doela de arco con inscrición epigráfica.

O máis sobresaínte dos achados da escavación foi unha pequena cruz realizada nunha aliaxe de prata e cobre, decorada con motivos vexetais estampados sobredourados que tiña unha pequena argola para colgar, hoxe rota, polo que podería



Vista aérea ao final dos traballos arqueolóxicos da capela de San Martiño

tratarse dunha cruz pectoral ou unha cruz con funcións litúrxicas dentro da capela e podería datarse nos séculos XII-XIII.

» A interpretación do conxunto arqueolóxico

A época na que se orixinou a capela é de difícil interpretación. Trátase dun período escuro, de transición entre o mundo tardorromano e a época medieval. Houbo grandes cambios con profundas transformacións do territorio no que un gran número de comunidades rurais desenvólvense con certa autonomía á marxe dos poderes establecidos que xa non controlan o territorio.

O emprazamento da capela de San Martiño é un espazo que durante séculos transcribiu un carácter sagrado ou espiritual desde que se instala a necrópole e o primitivo edificio relixioso –entre os séculos VIII-IX e XI d.C. –posiblemente asociada a un recorde anterior– ata a destrución da capela entre finais do século XVIII e principios do XIX. De feito, hoxe en día, para os veciños de Couso continúa a ter un carácter relixioso ligado a festividade do santo. Posiblemente se tratara do núcleo dunha comunidade de tipo monacal con carácter familiar e coas súas propias normas, dirixida por un representante de máis peso no grupo como sinala o enterramento cuberto cunha grande lousa monolítica.

» Consideracións finais

Realizouse esta pequena intervención nunha superficie reducida de terreo e con todo, os resultados non podían ser máis frutíferos. Dun curral para o gando ata os restos –no mellor dos casos– dunha antiga capela de escasas dimensións, pasamos a un xacemento arqueolóxico novo. Notable pola época á que se refiren os restos e notable polos datos aportados. Xacementos semellantes a este escaváronse poucos en Galicia, onde a investigación enfocouse máis a outros períodos históricos. Ademais a maior parte dos xacementos de referencia deste período do Medioevo que coñecemos foron escavados fai moito tempo, cando a metodoloxía arqueolóxica estaba moi pouco desenvolvida. Esta falta de método científico impide dar resposta a moitas cuestións sobre este tipo de xacementos e por elo as intervencións como esta cobran enorme interese. A posta en valor

dos restos da capela de San Martiño coa consolidación dos seus muros e colocación de paneis informativos farían deste lugar unha referencia no ámbito dos estudos da arqueoloxía medieval en Galicia.

Este texto vai dedicado aos veciños de Couso, polo cariño e interese demostrado polos vestixios da súa historia. En particular á directiva da Comunidade de Montes Veciñais en Mán Común de Couso, promotora da actuación arqueolóxica e cunha traxectoria de traballo que ten en conta os valores culturais do monte, que demostra que son compatibles cos usos máis habituais, como o forestal.